

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPT E IRC 13/2021): INVESTIMENTOS CENTRO EXPOSITIVO CEMITERIO MUNICIPAL.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de 40.411,18 euros dentro do vixente orzamento desta Corporación.

Visto o informe de Intervención Ref.: 2021/2124 do día 28.12.2021 emitido en contestación á Providencia da Alcaldía do día 28.12.2021.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación vén determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivados do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

Veño a resolver:

Aprobar o presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito **por importe de 40.411,18 euros**, coa finalidade de dar cobertura ás obrigas que se desprenden da contratación da **INSTALACIÓN ELÉCTRICA, ILUMINACIÓN E CLIMATIZACIÓN DA SALA DE EXPOSICIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL**, financiado con Remanente de Tesourería Líquido (RTGX), emitindo os informes necesarios na súa tramitación que se realiza en base ós seguintes criterios:

Importe: 40.411,18 euros (RC Ref.: 103962/2020)

Aplicación orzamentaria: 16400.63200

Código de Proxecto 20XX00008

Financiamento:

- ☐ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6256928844223127522.doc

Asunto: IRC 13/2021 Cemiterio

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.